

# modelo de formulario de desistencia

(só debe cumprimentar e enviar o presente formulario se desexa desistir do contrato)

Á atención de **R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U.**, con CIF A15474281 e domicilio na rúa Real nº 85, da Coruña:

D./Dña. \_\_\_\_\_,  
maior de idade, con DNI nº \_\_\_\_\_ (do cal se achega copia) e domicilio en  
\_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_, piso \_\_\_\_,  
do municipio de \_\_\_\_\_, pola presente poño no seu coñecemento  
que desisto do meu contrato/pedido recibido en data \_\_\_\_\_.

Recorde que se quere facilitarnos algún outro dato adicional, pode facelo no seguinte espazo:

Sinatura do cliente (só se o presente formulario se presenta en papel)

Data

---

## Información sobre o exercicio do dereito de desistencia

### Dereito de desistencia:

Ten vostede dereito a desistir do presente contrato nun prazo de 14 días naturais sen necesidade de xustificación.

O prazo de desistencia expirará aos 14 días naturais dende o día da activación do seu servizo. Para o caso de térselle entregado un terminal móbil, o prazo de desistencia expirará aos 14 días naturais dende que vostede, ou un terceiro por vostede indicado, adquiriu a posesión material do terminal. En caso de dúbida aplicarase o prazo máis longo para vostede.

Para exercer o dereito de desistencia, deberá enviarnos vostede unha notificación, indicando o seu nome, dirección completa de servizo, número de teléfono e enderezo de correo electrónico, e a súa decisión de desistir do contrato a través dunha declaración inequívoca (por exemplo, unha carta enviada por correo postal, fax ou correo electrónico). Poderá utilizar o modelo de formulario de desistencia. Recordámoslle que o uso deste formulario non é obrigatorio.

Así mesmo, ten vostede a opción de cubrir e enviar electronicamente o modelo de formulario de desistencia ou calquera outra declaración inequívoca a través do noso sitio web [www.mundo-R.com/legal](http://www.mundo-R.com/legal), remitíndoo ao enderezo de correo electrónico [fala-con-R@mundo-R.net](mailto:fala-con-R@mundo-R.net). Se recorre a esa opción, comunicáremoslle sen demora nun soporte duradeiro a recepción da devandita desistencia.

Para cumprir o prazo de desistencia, abonda con que a comunicación relativa ao exercicio pola súa parte deste dereito sexa enviada antes de que venza o prazo correspondente.

### Consecuencias da desistencia:

No caso de desistencia pola súa banda, devolverémoslle todos os pagamentos recibidos de vostede, incluídos os gastos de entrega (con excepción dos gastos adicionais resultantes da elección polo Cliente dunha modalidade de entrega diferente á ofrecida por **R**) sen ningunha demora indebida e, en todo caso, como moito 14 días naturais a partir da data na que se nos informe da súa decisión de desistir do presente contrato. Procederemos a efectuar o devandito reembolso utilizando o mesmo medio de pagamento empregado por vostede para a transacción inicial, a non ser que dispuxese vostede expresamente o contrario; en todo caso, non incurrirá en ningún gasto como consecuencia do reembolso, pero recorde que referemos a devandita cantidade ata recibir os bens. Vostede pode devolvernos os bens e/ou equipos entregados ou instalados a través das seguintes modalidades:

- a) entrega en calquera “tenda **R**” ou Distribuidor Autorizado de **R** sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, como moito no prazo de 14 días naturais a partir da data en que nos comuniquemos a súa decisión de desistencia do contrato. Considerarase cumprido o prazo se efectúa a devolución dos bens antes de que concluíse o devandito prazo.
- b) remisión dos mesmos por correo, ao apartado de correos 2096, 15080, da Coruña, en cuxo caso, deberá asumir vostede o custo directo de devolución dos bens.